

Outonía

Educación social e sustentabilidade rural

Obradoiros Secundaria e Bacharelato

2022/23



Índice

Que podes pedirnos?

..... 1

Que vas atopar aquí?

..... 2

Educación emocional, xénero e diversidade

..... 3

Educación ambiental, dinamización e cultura da sustentabilidade

..... 5

Desenvolvemento comunitario e participación social

..... 6

Rurais, patrimonio e identidade

..... 7

Contacta

..... 8



Que podes pedirnos?

- Deseño de propostas para a investigación social co alumnado.
- Procesos participativos para a comunidade educativa (patios coeducativos, asembleas, etc..).
- Obradoiros adaptados relacionados coas nosas áreas.
- Acompañamento experiencial na natureza.



Outonía S.Coop.Galega



Somos unha entidade sen ánimo de lucro, liderada e composta por mulleres que apostan polos territorios rurais. A nosa iniciativa medra para crear/acompañar proxectos socioeducativos que falen de igualdade, participación, identidade, coidados e sustentabilidade.

Que vas atopar aquí?

- Un resumo dos nosos principais obradoiros para Secundaria e Bacharelato para o período 2022/23.
- Agrúpanse segundo as áreas de especialización e intervención de Otonía. Para saber máis preme [aquí](#).



Obradoiros, que son?



- Espazos para aprender e imaxinar.
- Experienciais e creativos.
- Duración mínima: dúas horas
- Grupos reducidos
- Inclúen materiais

Educación emocional, xéneros e diversidade

Propostas para secundaria

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

Movendo os marcos do amor ⚡

Un encontro onde deconstruír os vellos mitos arredor do amor, así coma as crenzas actuais que afectan á xuventude.

Debuxando o xénero ⚡

Debuxar/crear o xénero, corpo, roles e mandatos sociais, tomando consciencia para crear alternativas para a igualdade.

Carrapuchiña vermella ⚡


Abordaremos a menstruación e a importancia de coñecer o corpo e a diversidade menstruante. Preguntándonos e cuestionando que imaxe temos deste proceso como sociedade.

Febre: feminismos e trap ⚡

Un encontro onde analizar un dos xéneros musicais do momento. Que conductas se reproducen? Pode ser feminista?

Olo! Curvas perigosas ⚡

Abordaremos o corpo, o canon de beleza, así coma as violencias sociais cara a diversidade. Que é a gordofobia? Que é un TCA? Por que xulgamos outras corporalidades?



Que (es) pantalla! ⚡

Pantallas, redes sociais e plataformas. "Novas" tecnoloxías e novas violencias. Como podemos abordar as redes dende unha perspectiva de xénero?



Duración: Tres sesións de 2 horas (6 horas)

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 480€ (+ desprazamento)

Sen tabús ⚡

Unha proposta ampla onde falar da identidade, orientación, corpo, prácticas eróticas e de risco, así coma de consentimento, *primeira vez* e botrato na sexualidade.

Construíndo botrato ⚡

Analizamos como podemos relacionarnos dende o botrato, coas demais e tamén comigo mesma. Aprendendo dende o xogo como eliminar as violencias.

Educación ambiental, dinamización e cultura da sustentabilidade

Propostas para secundaria

Duración: 2 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 165€ (+ desprazamento)

De onde ven o que consumimos? ⚡

Mediante o uso de diferentes recursos a través de paneis e técnicas de debate grupal, afondamos na crise ecosocial dende as vertentes e industrias máis contaminantes. Como respondemos á xustiza social?



Duración: 4 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 350€ (+ desprazamento + IVE)

Accións non violentas e intervención natural ⚡

Nun espazo natural próximo, dende a análise e o debate, crearemos intervencións artísticas para loitar polo clima e polos dereitos do planeta.



Desenvolvemento comunitario e participación cidadá

Propostas para secundaria

Duración: Tres sesións de 2 horas (6 horas)

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 480€ (+ desprazamento)

Transformámola aula! ⚡

Dende o debate e o traballo directo coas emocións e situacións de malestar dentro do grupo. Abordaremos o conflito dende as metodoloxías artístico-participativas. Intervención para adolescencia.

Asemblea DIY ⚡

Un proceso participativo para adolescencia que acompañe na creación de movementos colectivos dende a base. E, dende unha perspectiva integral de xénero e reflexión crítica.



Rurais, patrimonio e identidade

Propostas para bacharelato

Duración: 4 horas

Grupo máximo: 25 persoas

Orzamento: 350€ (+ desprazamento)

O dereito ao rural: catro elementos ⚡

Lonxe de plantear unha clásica dicotomía cidade-rural, falaremos de codependencia, de cooperación e tamén de procesos de expulsión que poñen en crise a vida cotiá e a sostibilidade da vida.



Falamos?

Contacta para a consulta de orzamentos sen compromiso

Que idea/necesidade tes?

En Otonía non existen dúas intervencións iguais, adaptamos as nosas propostas ás vosas necesidades.

Contacta dende calquera dos medios dispoñibles para comezar o proceso creativo!



622 83 42 50 / 622 83 42 18 /
622 83 41 63



@outonia.coop



info@outoniacoop.gal



<https://outoniacoop.gal/>

